

*CASTING CAMPAÑA CONTRA O USO DOS PLÁSTICOS*  
**XUNTA DE GALICIA**

Título: Bye Bye Plásticos

Obxecto da campaña: Campaña de sensibilización e concienciación sobre a necesidade de reducir o uso de plásticos, buscando alternativas máis ecolóxicas que nos garantan o respecto ao medio ambiente e ao ecosistema mariño, un dos máis prexudicados polo consumo de plásticos.

Buscamos:

Nenos e nenas de entre 6 e 14 anos (poden ser máis pequenos se teñen capacidade de memorizar frases).

Requisitos:

Dominio do galego.

Capacidade para memorizar pequenas frases e repetilas ante a cámara con soltura. Espontaneidade e naturalidade.

A campaña será para a Xunta de Galicia e consta de varios soportes:

- spot de tv.
- vídeo versión extendida para online.
- fotografías para gráficas en prensa, online e exterior.
- Locucións para cuñas de radio.

Importante contar con dereitos de imaxe para a emisión da imaxe en todos estes soportes.

Cada neno/nena terá un papel de 2 frases (actor/actriz de pequenas partes).

Os nenos e nenas serán a imaxe da campaña, polo que precisamos que funcionen ben ante as cámaras e sexan naturais. A experiencia previa pode ser interesante, pero no é determinante á hora da selección.

**Para o casting precisamos recibir:**

- Un vídeo gravado co móbil do neno ou nena falando ante a cámara presentándose. Debe dicir o seu nome, apelidos, cidade de residencia e idade.
- Un vídeo gravado con móbil do neno ou nena falando ante a cámara. Debe ler 3 frases das que se envían (forman parte do guión provisional do spot) ante a cámara, para poder valorar a súa interpretación, naturalidade, vocalización e xestualización ante a cámara. Sería interesante que poida ler unha frase do inicio, outra do centro (datos) e outra de despedida. A maiores debe ler a de "Bye bye plástico!" que será o claim da campaña.

Como referencia enviamos a maqueta de vídeo que montamos con imaxes de arquivos e unha locución provisional. Así podedes facervos unha idea da expresividade que buscamos e do estilo que terá o spot.